

DÍA 15 XOVES

MAÑÁ

9.30 **Inauguración**
ALFONSO ZULUETA DE HAZ
[PRESIDENTE DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA]

10.00 **ANDRÉS TORRES QUEIRUGA** [UNIV. SANTIAGO]
Presentación de Amor Ruibal

11.00 **Pausa café**

11.30 **JAVIER MARTÍNEZ CONTRERAS** [UNIV. DEUSTO]
Ser humano, linguaxe, ser. O núcleo lingüístico do pensamento de Amor Ruibal

12.30 **GREGORIO DEL OLMO LETE** [UNIV. BARCELONA]
Amor Ruibal e a Filoloxía Comparada

TARDE

16.30 **ANTONIO DOMÍNGUEZ REY** [UNED]
A cognición lingüística de Amor Ruibal

17.30 **Pausa café**

18.00 **VÍCTOR LONGA** [UNIV. SANTIAGO]
A gran relevancia das ideas lingüísticas e filosóficas de Amor Ruibal: tres exemplos

“Na palabra encárnase, vive e nútrese o pensamento dos individuos e dos pobos, e transmítense de xeración en xeración a través das idades” (AR).

Hai agora cen anos Ángel Amor Ruibal, filólogo, filósofo e teólogo da entón Universidade Pontificia de Santiago de Compostela, na que foi catedrático de Linguas Bíblicas e Gramática Comparada, publicou dúas obras pioneiras de Filoloxía e Ciencias da Linguaxe, que non só resumen o comparatismo decimonónico, senón que introducen en España os fundamentos epistemolóxicos do estudo da linguaxe e as súas relacións co pensamento. Trátase dun dos teóricos máis relevantes nese campo; en España, sen dúbida ningunha, e tamén en Europa.

Los problemas fundamentales de la Filología Comparada. Su historia, su naturaleza y sus diversas relaciones científicas (PFFC) publicáronse en dous tomos, o primeiro en 1904 (376 pp.) e o segundo en 1905 (736 pp.). Precedéraos en 1900 un estudo titulado “Ciencia del Lenguaje”, incluído como introdución na obra, traducida por el, de P. Regnaud *Principios generales de Lingüística Indo-Europea*. Publicou así mesmo

diferentes artigos filolóxicos —glotolóxicos, na terminoloxía da época— sobre nomes de cidades, rúas e símbolos históricos.

Amor Ruibal era políglota e manexaba tanto linguas bíblicas e antigas —sánscrito, hebreo, grego, árabe, latín, siríaco, persa e copto— como modernas —español, galego, italiano, francés, inglés, alemán, etc. O coñecemento amplo de idiomas e das súas gramáticas, ademais doutras, como as indias, permitíronlle facer un balance crítico, histórico e antropolóxico da estruturación sistemática e científica da linguaxe.

Tales estudos, comezados aínda novo, con trinta e catro anos, precederon e acompañaron o sistema crítico e expositivo da súa filosofía e teoloxía, no que sen dúbida tiveron influencia decisiva. Foi así o primeiro filósofo e teólogo español no que este tipo de estudos cobrou profunda e orixinal relevancia.

Este Simposio internacional, organizado pola Sección de Filosofía e Pensamento do Consello da Cultura Galega, ao conmemorar o centenario dos PFFC, pretende situar a importancia filolóxico-lingüística do autor no marco da súa época, así como salientar a importancia que lle corresponde na historiografía española e europea.

DÍA 16 VENRES

MAÑÁ

10.00 **ANA GARCÍA LENZA, JUAN J. LÓPEZ RIVERA, JAVIER RIVAS** [UNIV. SANTIAGO]
Amor Ruibal ou cando a Historia lingüística debe unha recuperación necesaria (I)

11.00 **Pausa café**

11.30 **FRANCISCO GARCÍA GONDAR** [UNIV. SANTIAGO]
Amor Ruibal na Lingüística española peninsular de finais do XIX

12.30 **PABLO CANO** [UNIV. SANTIAGO]
O pensamento lingüístico de Amor Ruibal no contexto da Lingüística europea do s. XIX. A visión amorruibaliana da Historia da Filoloxía Comparada

TARDE

16.30 **ANA GARCÍA LENZA, JUAN J. LÓPEZ RIVERA, JAVIER RIVAS** [UNIV. SANTIAGO]
Amor Ruibal ou cando a Historia lingüística debe unha recuperación necesaria (II)

17.30 **Pausa café**

18.00 **JAVIER ARIAS NAVARRO** [UNIV. HAMBURGO]
A tipoloxía lingüística de Amor Ruibal

19.00 **XESÚS ALONSO MONTERO**
Presentación da edición facsimile de *Los Problemas Fundamentales de la Filología Comparada, I e II (1904, 1905)* e da edición ruibaliana de P. Regnaud *Principios Generales de Lingüística Indo-Europea (1900)*

DÍA 17 SÁBADO

MAÑÁ

10.00 **JOHANNES KABATEK** [UNIV. TÜBINGEN]
Fontes e contexto europeo da Lingüística segundo Amor Ruibal

11.00 **Pausa café**

11.30 **ÁNGEL LÓPEZ GARCÍA** [UNIV. VALENCIA]
Un pioneiro da Lingüística científica: Amor Ruibal

12.30 **(Visita á Biblioteca e ao Concello de Barro, localidade natal de Amor Ruibal)**

COORDINADOR

ANDRÉS TORRES QUEIRUGA [CONSELLO DA CULTURA GALEGA e UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA]

SECRETARIO

ANTONIO DOMÍNGUEZ REY [UNED]

SECRETARIA ADXUNTA

TERESA PÉREZ RODRÍGUEZ [CONSELLO DA CULTURA GALEGA]

COMITÉ DE HONRA

ALFONSO ZULUETA DE HAZ [PRESIDENTE DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA]

ÁNXELA BUGALLO RODRÍGUEZ [CONSELLEIRA DE CULTURA E DEPORTE]

JULIÁN BARRIO BARRIO [ARCEBISPO DE SANTIAGO]

JOSÉ MARÍA BARJA PÉREZ [REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA]

SENÉN BARRO AMENEIRO [REITOR DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO]

DOMINGO DOCAMPO AMOEDO [REITOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO]

Simposio internacional sobre A obra filolóxico-lingüística DE Angel Amor Ruibal [1869-1930]

✓ Ata o día anterior á celebración do simposio admítense comunicacións sobre a filoloxía en Amor Ruibal, para a súa publicación nas actas, previo xuízo dun comité científico.

15, 16 e 17 de decembro de 2005



CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
correo@consellodacultura.org

ANGEL AMOR RUIBAL

COORDINADOR
ANDRÉS TORRES QUEIRUGA
SECRETARIA ADXUNTA
ANTONIO DOMÍNGUEZ REY
SECRETARIO
TERESA PÉREZ RODRÍGUEZ

Simposio internacional sobre A obra
filolóxico-lingüística DE
Angel Amor Ruibal [1869-1930]



15, 16 e 17 de decembro de 2005

ANGEL AMOR RUIBAL

SECRETARÍA ADXUNTA
TERESA PÉREZ RODRÍGUEZ

SECRETARIO
ANTONIO DOMÍNGUEZ REY

COORDINADOR
ANDRÉS TORRES QUEIRUGA

Simposio internacional sobre A obra

filolóxico-lingüística DE

Angel Amor Ruibal [1869-1930]



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
correo@consellodacultura.org

